

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 15 de xullo de 2022
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día quince de xullo do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Iria Lamas Salgueiro (telematicamente), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está Dna. Susana Escaloni Varela, Interventora (p.s.)

Non asiste o deputado *D. Carlos López Font*, nin a deputada *Dna. Ana Laura Iglesias González*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31957.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de xullo 2022.

2.31958.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “E.D.A.R. CON HUMEDAIS ARTIFICIAIS PARA QUIREZA-CERDEDO”. (Expte.2022011683)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022009931 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Cerdedo - Cotobade* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 96.834,72 €, con destino ao financiamento “EDAR con humedais artificiais para Quireza (Cerdedo)”, cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 88.641,01 € do orzamento de execución da contrata, IVE engadido e 8.193,71 € de honorarios técnicos (5.214,18€ redacción do proxecto, 2.979,53 € de dirección de obra), IVE quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	96.834,72	96.834,72	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	96.834,72	96.834,72	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e da Consellería de Medio Rural.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de datas 5 e 07/07/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 05/07/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 08/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF: P3600048G a cantidade de 96.834,72 € con destino ao financiamento do investimento “*E.D.A.R. con humedais artificiais para Quireza (Cerdedo)*” (Expte.2022011683) cun orzamento polo mesmo importe, que abrangue 88.641,01 € por execución de obra, 5.214,18 € por honorarios de redacción de proxecto, e 2.079,53 € por honorarios de dirección de obra. Quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	96.834,72	96.834,72	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	96.834,72	96.834,72	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da subvención queda condicionada á efectiva obtención da autorización sectorial de Augas de Galicia, da Consellería de Educación, Cultura e Universidade e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivendas, sendo imprescindible que achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, e que ademais, o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *Concello* deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.31959.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE PRADO DE CANDÁ”. (Expte.2022011671)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótese de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022009938 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Covoelo* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 105.881,12 €, con destino ao financiamento “*Acondicionamento do entorno da igrexa de Santiago de Prado de Canda*”, cun orzamento polo mesmo importe correspondendo 98.144,79 € da execución por contrata e 7.736,33 € dos honorarios técnicos (4.024,98 € redacción do proxecto, 3.298,98€ dirección de obra e 412,37 € coordinación de seguridade e saúde) (IVE incluído), quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	49.290,97	49.290,97	0,00	0,00
2023	56.590,15	56.590,15	0,00	0,00
TOTAL	105.881,12	105.881,12	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como, a aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 30/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Covelo* CIF P3601300A a cantidade de 105.881,12 €, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da contorna da Igrexa de Santiago de Prado de Canda*”, (Expte.2022011671) cun orzamento polo mesmo importe distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións e	Fondos propios €
2022	49.290,97	49.290,97	0,00	0,00
2023	56.590,15	56.590,15	0,00	0,00
TOTAL	105.881,12	105.881,12	0,00	0,00



A subvención contempla a concesión dos honorarios de redacción do proxecto polo importe de 4.024,98 €, 3.298,98 € da dirección de obra e 412,37 € da coordinación de seguridade e saúde (IVE incluído).

- A concesión da subvención queda condicionada a efectiva obtención da Consellería de Cultura, Educación, Educación e Universidade que o Concello deberá de achegar coa primeira xustificación, así como, a aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta a anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionada á aprobación do orzamento para o exercicio 2023, e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Covelo* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. E o incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Covelo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia



4.31960.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA O NOVO VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE DOZÓN”. (Expte.2022011580)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022010248 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Dozón* na que solicitaba inicialmente, con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 60.000,02 €, con destino ao financiamento do investimento “*Construción de nave para novo viveiro industrial de empresas no polígono industrial de Dozón*”, cun orzamento polo importe de 300.000,02 €. O importe restante ata completar a totalidade do orzamento sería cofinanciado pola Xunta de Galicia.

Con posterioridade, como consecuencia dun requirimento técnico o Concello vese obrigado a facer un novo documento técnico, e que constatado o paso do tempo entremedias resulta un incremento do importe do prezo de varias partidas, polo que o devandito incremento é asumido polo propio concello de Dozón, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	324.375,35	60.000,02	240.000,00	24.375,33
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	324.375,35	60.000,02	240.000,00	24.375,33

O concello solicita expresamente que parte do importe que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2, en concreto 4.914,28 euros, e parte do importe asignado a liña 3 (en concreto 37.969,26 euros), sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1-Investmentos, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-23 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2 e 3 para facer investimentos (liña 1).



Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con autorizacións para a execución do investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 04/07/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/07/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Dozón* CIF P3601600D a cantidade de 60.000,00 €, con destino ao financiamento do investimento “*Construción de nave para o novo viveiro industrial de empresas no polígono industrial de Dozón*”, cun orzamento de 324.375,35 € quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	324.375,35	60.000,00	240.000,00	24.375,33
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	324.375,35	60.000,00	240.000,00	24.375,33



- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír todas as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Dozón* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Dozón*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

5.31961.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE NA RÚA CORUÑA EASE I” (Expte.2022011636)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022009564 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de A Guarda* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 317.954,74 euros, con destino ao financiamento “*Mellora da mobilidade na Rúa Coruña. Fase I*”, cun orzamento polo mesmo importe.

O *Concello de A Guarda* reformula a petición salientada no paragrafo anterior porque debido a unha interpretación non correcta das bases en orde a distribución dos investimentos demandados sobre o crédito total que lle concernía.

Advertido o *Concello* polo servizo de Cooperación da interpretación incorrecta das bases, en datas posteriores o *Concello* reformula todas as solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023.

Atendendo a tal circunstancia en data 15/03/2022 por rexistro WEB2022014223 contra entrada no rexistro da Deputación reformulación do *concello de A Guarda* da solicitude de subvención para o financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade na Rúa Coruña. Fase I*” cun orzamento polo importe de 317.954,74 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	317.954,74	115.302,05	0,00	0,00
2023	0,00	202.652,69	0,00	0,00
TOTAL	317.954,74	317.954,74	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Consellería de Educación, Cultura e Universidade.

Fundamentación xurídica:
normativa examinada:

- LEI 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 20/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 29/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 317.954,74 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade na rúa Coruña Fase I*”, (Expte.2022011636) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	115.302,05	115.302,05	0,00	0,00
2023	202.652,69	202.652,69	0,00	0,00
TOTAL	317.954,74	317.954,74	0,00	0,00

- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial de Consellería de Educación, Cultura e Universidade, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto da anualidade 2022 polo importe de 115.302,05 €. Polo que respecta á anualidade do 2023 por importe de 202.652,69 €, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, 2023/942.9425.762.45, quedando condicionada á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. E o incluído na anualidade 2023, executada o 31 de decembro de 2024 e xustificada na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

6.31962.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MANTEMENTO DO FIRME DE CAMIÑOS RURAIS EN MARÍN”. (Expte.2022010821)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009521, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 284.309,31 euros, con destino ao financiamento “*Mantemento do firme de camiños rurais en Marín 2022*”, cun orzamento polo importe de 290.434,65 euros, correspondendo 277.487,65 euros ao orzamento de execución por contrata (IVE



incluído), 6.292,00 € aos honorarios de redacción de proxecto (IVE incluído) e 6.655,00 € aos honorarios da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (IVE incluído). O importe restante ata completar a totalidade do orzamento será cofinanciada con fondos propios, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	290.434,65	284.309,31	0,00	6.125,34
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	290.434,65	284.309,31	0,00	6.125,34

O importe da subvención solicitada financia a totalidade do orzamento de execución por contrata (277.487,65 €, IVE incluído), os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (6.655,00 €, IVE incluído) e unha parte dos honorarios de redacción de proxecto, concretamente 166,66 € do total do custe (6.292,00 €, IVE incluído). O importe restante dos honorarios de redacción de proxecto corresponde a cantidade que o *Concello* cofinancia con fondos propios.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, ademais da declaración responsable de Augas de Galiza, da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a autorización do Instituto de Estudos do Territorio que xa figuran no expediente, precisa da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a autorización do servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, aportando ao efecto a súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.

O concello non aporta a acta de trazado previo debidamente cumprimentada (Anexo III), nin á aprobación do proxecto presentado por non contar coas autorizacións indicadas, debendo o concello realizar a súa aportación (autorizacións sectoriais, anexo III e aprobación do proxecto) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª - 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 29/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/06/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 05/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ao *Concello de Marín*, CIF: P3602600C a cantidade de 284.309,31 € con destino ao financiamento do investimento “*Mantemento do firme de camiños rurais en Marín 2022*” (Expte.2022010821), cun orzamento que importa 290.434,65 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos - €	Achegas doutras administracións públicas €	Fondos Propios- €
2022	290.434,65	284.309,31	0,00	6.125,34
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	290.434,65	284.309,31	0,00	6.125,34

- O importe da subvención solicitada financia a totalidade do orzamento de execución por contrata (277.487,65 €, IVE incluído), os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (6.655,00 €, IVE incluído) e unha parte dos honorarios de redacción de proxecto, concretamente 166,66 euros do total do custe (6.292,00 €, IVE incluído). O importe restante dos honorarios de redacción de proxecto corresponde a cantidade que o Concello cofinancia con fondos propios.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a autorización do servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31963.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN EN ARÉN, PARROQUIA DE SAMIEIRA. CONCELLO DE POIO”. (Expte.2022009923)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022009124 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Poio* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 351.583,60 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización en Arén, parroquia de Samieira. Concello de Poio*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	108.990,92 €	108.990,92 €	-----
2023	242.592,68 €	242.592,68 €	
Total	351.583,60 €	351.583,60 €	

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e mais a da Axencia Galega de Infraestruturas, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Compre sinalar que o Concello delonga a remisión da acta de trazado previo e aprobación do proxecto ata o outorgamento dos permisos arriba referidos.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 06/06/2022.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 06/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/06/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B a cantidade de 351.583,60 € con destino ao financiamento do investimento “*Humanización en Arén, Parroquia de Samieira. Concello de Poio*” (Expte.2022009923) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

A anualidades	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	108.990,92 €	108.990,92 €	-----
2023	242.592,68 €	242.592,68 €	
Total	351.583,60 €	351.583,60 €	

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte á anualidade 2022. Respecto á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á aprobación do proxecto e remisión da acta de trazado previo, así como á resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Cultura Educación e Universidade por realizarse algunha actuación na zona de afección destas entidades, sendo imprescindible que se remita a documentación sinalada á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.31964.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN EN LIÑARES, PARROQUIA SAN XOÁN. CONCELLO DE POIO”. (Expte.2022009921)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022009115 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de POIO na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 149.792,14 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización en Liñares, Parroquia San Xoán, Concello de Poio*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	46.435,56 €	46.435,56 €	-----
2023	103.356,58 €	103.356,58 €	
Total	149.792,14 €	149.792,14 €	

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de Augas de Galicia, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o Concello delonga a aprobación do proxecto e remisión da acta de trazado previo á concesión dos permisos sinalados anteriormente.



As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 30/05/2022.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 30/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/05/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B a cantidade de 149.792,14 € con destino ao financiamento do investimento “*Humanización en Liñares, Parroquia San Xoán, Concello de Poio*” (Exp: 2022009921) cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	46.435,56 €	46.435,56 €	-----
2023	103.356,58 €	103.356,58 €	
Total	149.792,14 €	149.792,14 €	



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte á anualidade 2022. Respecto á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á aprobación do proxecto e remisión da acta de trazado previo, así como á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de Augas de Galicia por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, sendo imprescindible que se remita a documentación sinalada á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.31965.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓNS EN DIVERSAS RÚAS E VÍAS EN PONTECESURES”. (Expte. 2022011537)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 28/02/2022 por rexistro WEB202010388 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Pontecesures* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 96.284,73 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Actuacións en diversas rúas e vías en Pontecesures*”, cun orzamento polo mesmo importe, dos que 94.060,32 euros corresponden á execución material, e 2.224,41 euros a honorarios pola redacción do proxecto.

A petición do Concello configúrase tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	96.284,73 €	96.284,73 €	-----

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de ADIF, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 28/06/2022.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 28/06/2022, e da xefa do



servizo de Cooperación de data 28/06/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontecesures* CIF: P3604400F a cantidade de 96.284,73 € con destino ao financiamento do investimento “*Actuacións en diversas rúas e vías en Pontecesures*” (Expte.2022011537), cun orzamento polo mesmo importe, dos que 94.060,32 € corresponden á execución material, e 2.224,41 € a honorarios pola redacción do proxecto, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	96.284,73 €	96.284,73 €	-----

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura Educación e Universidade, e de ADIF por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pontecesures*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



10.31966.- APROBACIÓN BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE
“AXUDAS A DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA CATEGORÍA DE
ALTO NIVEL (DEPO DAN) E DEPORTISTA PROMESA
(DEPO PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022”
(Expte. 2022042604)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de alto nivel (DEPO_DAN) e deportista promesa (DEPO_PROMESA) da provincia de Pontevedra no ano 2022 na que se convoca o programa DE_D/22 e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 07 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de alto nivel (DEPO_DAN) e deportista promesa (DEPO_PROMESA) e que figuran co CSV: 65R367TF1X26FNLC.

11.31967.- APROBACIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA E BASES
REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPOTERMAL” 2022
(Expte.2021048130)

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas. No artigo 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

2º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo o plan de termalismo social “DEPOTERMAL” que ten como finalidade facilitarles ós veciños e veciñas da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (como balnearios, talasos ou spas).



Así mesmo pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.

3º.- Con data 1 de abril de 2022, no BOPPO nº 64, publicáronse as base reguladoras do plan termal ofertándose un total de 4.434 prazas destinadas a persoas residentes na provincia de Pontevedra, das cales 1.248 prazas se corresponden ao programa termal diúrno, e 3.186 ao programa termal con pernoita en réxime de pensión completa.

Trátase, por tanto, dun plan cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ó turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario, pero que ofrece tamén bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes e recibidos os informes sociais dos concellos que actúan como entidades colaboradoras, non se cubren a totalidade das prazas ofertadas en cada unha das modalidades, programa diúrno e programa con pernoita.

Tanto os concellos como a cidadanía nos trasladan que moitas persoas destinatarias do programa non tiveron coñecemento do inicio do programa 2022, polo que demandan a tramitación dunha nova convocatoria, co fin de ofertar as prazas dispoñibles. Deste xeito, as persoas que presentaron a súa solicitude fora de prazo coma as que descoñecían a convocatoria, terán a oportunidade de presentar unha nova solicitude.

A xestión do programa será realizada por dúas empresas externas, por non contar a Deputación de Pontevedra con recursos propios para a súa posta en marcha, partindo dun prezo máximo de 111.601,22 €.

Partindo do prezo máximo indicado, rematada a tramitación e adxudicadas as prazas ofertadas desta convocatoria, o resultado foi o seguinte:

PRIMERA CONVOCATORIA	401 solicitudes admitidas		
PROGRAMA DIURNO	4 solicitudes excluídas		
PREZO UNITARIO POR PRAZA	133,88 €		Subvención
PRAZAS NON SUBVENCIONADA 48 PRAZAS			0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 238 PRAZAS	53,55 €	12.744,90 €	107,10 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 66 PRAZAS	40,16 €	2.650,56 €	53,55
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 44 PRAZAS	26,78 €	1.178,32 €	40,16
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS	107,10 €	535,50 €	26,78
N.º TOTAL DE PRAZAS	401	17.109,28 €	



PRIMERA CONVOCATORIA	1.306 solicitudes admitidas		
PERNOCTA	23 solicitudes excluídas		
PREZO UNITARIO POR PRAZA	350,91 €		Subvención
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.297 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 9 PRAZAS	280,73 €	2.526,57 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.306		2.526,57 €	

5º.- En consecuencia tramítase unha segunda convocatoria, co fin de cubrir as prazas non adxudicadas e do mesmo xeito satisfacer as demandas da cidadanía e dos concellos, sendo o detalle da financiación é o seguinte:

2ª CONVOCATORIA PROGRAMA ASISTENCIA DIARIA

PREZO UNITARIO POR PRAZA	133,88 €		Subvención
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 700 PRAZAS	53,55 €	37.485,00 €	53,55 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 100 PRAZAS	107,10 €	10.710,00 €	107,10 €
N.º TOTAL DE PRAZAS	800	48.195,00 €	

2ª CONVOCATORIA PROGRAMA PERNOCTA

PREZO UNITARIO POR PRAZA	350,91 €		Subvención
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.700 PRAZAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 100 PRAZAS	280,73 €	28.073,00 €	280,73 €
N.º TOTAL DE PRAZAS	1.800	28.073,00 €	

TOTAL 76.268,00 €

No caso de que non se cubran as prazas para as persoas en situación de vulnerabilidade en cada modalidade do programa o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

As persoas usuarias que se beneficiarán das prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, deberán acreditarlo mediante unha valoración social da ou do traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais.

6º.- A contía consignada para o Plan Termal 2022, ascendía a un total de cento once mil seiscientos un con vinte dous (111.601,22 €) , con cargo á aplicación 22/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, cantidade xa retida.



A tramitación dunha nova convocatoria non supón superar a cantidade máxima consignada tanto de prazas ofertadas como de importes a subvencionar en cada una das modalidades ofertadas, segundo o seguinte desglose:

	Oferta global inicial	Prazas adxudicadas 1ª convocatoria	Prazas ofertadas 2ª	Total
PLAN DIURNO	1.248 prazas	401	800	1.201
PLAN PERNOCTA	3.186 prazas	1.306	1.800	3.106

IMPORTE GLOBAL DIURNO	65.304,28 €
IMPORTE GLOBAL PERNOCTA	30.599,57 €
TOTAL	95.903,85 €

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

- Lexislación aplicable:
 - Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
 - Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
 - Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
 - Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
 - Bases de execución do Orzamento provincial vixente



Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “DEPOTERMAL” 2022, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a segunda convocatoria e bases reguladoras do Programa “DEPOTERMAL” 2022,

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co Código seguro de verificación CSV:P8V96BANA6XNII85.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

12.31968.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9401 TRAVESÍA MEIS-SAN SALVADOR-ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (CONCELLO DE MEIS)” (Expte.2022029524)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41) que transcorre polo Concello de Meis e que ten unha lonxitude de 320 metros.

Resultando.- Que na actualidade, a devandita estrada presenta problemas de seguridade viaria debido á falta de sendas e beiravías para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, carecendo ademais en gran parte do percorrido de sobreanchos e espazos para o tránsito peonil que prexudican as condicións de mobilidade dos peóns. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa.

Resultando.- Que por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que con data 9 de maio de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis, convenio de colaboración par a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”, por importe de 242.454,16 €.



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Meis* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	193.963,33 €	80
Concello de Meis	48.490,83 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	242.454,16 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*” cun orzamento base de licitación de 242.454,16 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 242.454,16 €, con número de operación 202200069048 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 05/07/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...Respecto das autorizacións sectoriais que constan no expediente convén sinalar o seguinte: - A autorización da AXI recolle como condición que as obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) meses a partir do día seguinte da notificación da resolución de concesión, que tivo lugar con data 22 de outubro de 2021. - Segundo a autorización de Patrimonio cómpre realizar un control arqueolóxico, polo que, antes do inicio dos traballos, deberá presentarse o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Sinala ademais, que en función da intervención arqueolóxica poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. E, no caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmóbeis, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións formuladas que deberán terse en conta, infórmase favorablemente o expediente...*”



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)” redactado polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, cun orzamento base de licitación de 242.454,16 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2

13.31969.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN E DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400 (CONCELLO DE TOMIÑO)”, E VALIDACIÓN DAS OBRIGAS DERIVADAS DAS APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN 1 (Expte.2021041514)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/01/2022 acordou adxudicar á empresa *Construcións Obras e Vías, S.A.* (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400”, por importe de 249.997,71 € IVE incluído, e un prazo de execución SEIS (6) MESES.



Resultando.- Que con data 06/06/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa debido a que con data 10/03/20 foi enviado a UFD o proxecto para comprobar e estudar os servizos afectados. Despois de realizar varios informes, continúaase en comunicación con UFD para poder ter concretado o retranqueo da liña e así poder iniciar a obra.

Resultando.- Que con data 24/05/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra 24/11/2022.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1, emitiu informe a xefa do Servizo de fiscalización na data 01/07/2022, recollendo o seguinte: *“...Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado de data 28/02/22 na que indica que o día 10/03/2020 foi enviado a Unión Fenosa Distribución o proxecto para comprobar e estudar os servizos afectados para concretar o recuamento da liña e poder así iniciar a obra, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras case 3 meses despois da acta de comprobación de trazado negativa. CONCLUSIÓN Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto...”*

Considerando.- o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: *“1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...”*

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión do inicio da execución da obra *“Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”*, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director de obra na data 06/06/2022.



2. Validar o inicio da execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 24/05/2022.
3. Establecer como data para finalizar a obra o día 24/11/2022.
4. Aprobar a certificación nº 1da citada obra , autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (A- 36008886)	22/456.4530.612.02.2021	9.388,28€
SUBTOTAL		9.388,28€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	260,80€
Control de calidade (3% PEM Licit)		223,96€
Total descontos	Id.	484,76€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		8.903,52€

14.31970.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN, IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRO E PATRIMONIAL PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA” (Expte. 2022028982)

As esixencias en materia contable e patrimonial así como as necesidades en materia de administración electrónica e remisión de información, fan necesaria a dotación dun sistema de xestión económico e patrimonial que permita un adecuado cumprimento da normativa coa maior eficiencia posible, garantindo en todo caso a integración e interoperabilidade cos sistemas actuais e a observancia da normativa en materia de seguridade e protección de datos.

Esta necesidade foi advertida pola Intervención Provincial no Informe resumo anual de control interno sinalando a insuficiencia das funcionalidades do sistema actual e a necesidade imperiosa de iniciar as actuacións necesarias para o estudo e planificación do cambio do programa contable coa dotación dos medios necesarios e correspondentes cun sistema de xestión económica que inclúa un módulo avanzado de contabilidade analítica e de xestión patrimonial.



Nesta liña, o Plan de acción 2021, aprobado por RP número 2021004270 en data 19/07/2021, configura a modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación como obxectivo prioritario do plan.

Os sistemas propostos e coas funcionalidades requiridas non se atopan dispoñibles en softwares libres ou gratuítos. A complexidade e especialización destes sistemas, así como a necesidade de permanente actualización, imposibilitan o desenvolvemento destes sistemas por medios propios.

Á vista de todo o exposto o Deputado Delegado de Economía, Facenda, Réxime Interior e ORAL dictou providencia de inicio para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación Provincial de Pontevedra.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Con data 12/05/2022, a Intervención emite documento RC con numero de operación 202200094623 por importe de 601.397,13 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/931.9310.64100 do vixente orzamento provincial polo que se certifica a existencia de crédito para facer fronte a referida contratación durante o ano 2022.

Con data 17/06/2022 emítese informe pola Vicesecretaría polo que se informa que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos artigos 122 LCSP e 67 do RD 1098/2001 sen prexuízo das observacións postas de manifesto no mesmo.

Con data 01/07/2022 emítese informe aclaratorio polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías en relación coas observacións postas de manifesto pola Secretaría efectuándose as correccións indicadas en dito informe no prego de cláusulas económico administrativas para solventar as observacións sinaladas.

Con data 8 de xullo de 2022 a intervención informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación Provincial de Pontevedra”.

2.- Autorizar o gasto por importe de 596.450,95 € con cargo a aplicación orzamentaria 22/931.9310.64100 do vixente orzamento provincial. Os importes correspondentes aos exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito nos respectivos orzamentos.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) 7YCOD14FN6G7BJSQe o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) QS00XQP1TB3PJVP1.

4.- Nomear responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha e a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.31971.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DO LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DE AUTODESK DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2022039027)

Unha das ferramentas informáticas que habitualmente utilizan os servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Arquitectura, Cooperación, Turismo Rías Baixas (arqueólogos), Saim (Plan Revitaliza) é a denominada AutoCAD do fabricante Autodesk.

Logo de realizar unha consulta nas páxinas webs da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e en diferentes Ministerios da Administración Xeral do Estado, non se atopa a existencia de programas de Deseño Asistido por Ordenador titularidade destas Administracións cos mesmos requirimentos e necesidades. É preciso sinalar que se trata dun software técnico especializado para obra civil, que se afasta da actividade normal das administracións públicas.



Si ben existe software libre de deseño asistido por ordenador no mercado (CAD), é necesario indicar que, en xeral, o software libre e gratis existente no mercado non ofrece as mesmas prestacións que o software propietario, sobre todo en aplicacións de tipo profesional como CAD, edición multimedia, etc. En moitos casos, estas versións gratuítas son versións que limitan o uso en previsión de que os usuarios unha vez coñezan o software gratuíto opten pola opción de pago.

Despois de levar a cabo unha primeira aproximación ao software libre CAD máis usado no mercado é necesario indicar que:

- Algúns programas solo ofrecen soporte completo para deseños en 2D.
- Algúns programas están eminentemente dirixidos á enxeñaría mecánica e ao deseño de produtos, xa que ofrece gran variedade de ferramentas para asistir no deseño de elementos mecánicos, pero non á arquitectura.
- As versións gratuítas non permiten acceso a todas as ferramentas de deseño.
- Algúns programas solo se poden utilizar en plataformas Windows.
- Algúns solo son compatibles con formatos de arquivo DXF e CXF, polo que non permiten a apertura de arquivos dwg. Interesa destes softwares que sexan compatibles con AutoCAD.
- Algúns dos programas presentan peor comportamento e operatividade de arquivos DWG.

Por todo elo, a opción máis beneficiosa para a Deputación de Pontevedra é apostar pola renovación e continuidade de uso dos produtos Autodesk especificados anteriormente.

Dado que a Deputación non conta cos medios materias e humanos para levar a cabo tanto esta subministración, é necesario realizar unha contratación, xa que é un produto moi específico, mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

A diferenza da anterior contratación nesta ocasión non se acudirá ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Hacienda xa que o software que se comercializa dentro do lote 3 do Acordo Marco 13/2018 “subministro de servidores, sistemas de almacenamento, software de infraestrutura” é un software de infraestrutura e non un software de cliente ou usuario final, dándose a circunstancia na anterior licitación que das 36 empresas invitadas no citado Acordo Marco soamente presentou oferta unha, xa que as empresas non comercializan este tipo de licenzas o cal limita moito a concorrência. Ademais deste feito se da a circunstancia de que o lote 3 (licenzas software de infraestrutura) do AM 13/2018, finaliza a súa vixencia o vindeiro 1 de xullo de 2022 o que imposibilita a súa tramitación por este medio.



En base ao exposto, con data 30/05/2022, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que, co visto e prace da deputada, propón a contratación da renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos (dende o 18 de setembro de 2022 e ata o 17 de setembro de 2025), sen posibilidade de prórrogas, e un orzamento base de licitación de 133.039,50 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 02/06/2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración, así como a elección do procedemento de adjudicación aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 02/06/2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14/06/2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaría, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Novas Tecnoloxías e de Contratación, reflectida nos seus respectivos informes de data 17/06/2022 e 22/06/2022 respectivamente.

Visto que con data 22/06/2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 08/07/2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Segundo consta na providencia de inicio do expediente, non é posible acudir á contratación mediante o sistema de contratación centralizada xa que este software comercialízase dentro do lote 3 (licenzas software de infraestrutura) do AM 13/2018 do que finalizou a súa vixencia o pasado 1 de xullo do 2022. Tendo en conta a data na que nos atopamos non hai marxe temporal para poder agardar por un posible novo acordo marco.

Sinalar que o período da vixencia real das licenzas actuais non coincide co prazo de duración do contrato en vigor. Así as licenzas están vixentes ata o 18 de setembro do 2022 e o correspondente contrato remata o 29 de setembro do 2022.

No informe complementario do servizo aclárase que, pola tipoloxía e especialidade deste tipo de produtos informáticos, o prazo de renovación das licenzas ven imposto polo fabricante motivo polo que se propón a formalización do novo contrato para o 18 de setembro. Asemade, sinalase que a non renovación das licenzas en tempo implicaría a extinción dos dereitos das mesmas co conseguinte prexuízo para a Deputación Provincial, xa que formalizar un novo contrato ten un custo maior que a renovación das licencias existentes.



A pesares do exposto e de que parece que a opción máis vantaxosa para a Deputación, tanto dende o punto de vista económico como de continuidade nas prestacións, é levar a cabo a renovación das licencias fronte á formalización dun novo contrato, isto supón o solapamento no tempo de dous contratos para o mesmo obxecto o que constitúe unha irregularidade.”

Visto que con data 31/05/2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200114443 polo importe de 44.346,50 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202200114486 e 202200114491 ambos polo importe de 44.346,50 €, e con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.9260.206.00 e 24/926.9260.206.00, respectivamente.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse en todo caso como contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación da subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado art. 159.1. LCSP, da “*Renovación do licenciamento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra*”.



O prazo de duración será de 3 anos, dende o 18/09/2022 e ata o 17/09/2025.

Non se establece a posibilidade de prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 133.039,50 €.

O valor estimado é de 109.950,00 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 8W0ZID137HWQRGIM) e de prescricións técnicas (CSV: 3G55W34O5PRTDGKL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 133.039,50 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	22/926.9260.206.00	44.346,50 €
2023	23/926.9260.206.00	44.346,50 €
2024	24/926.9260.206.00	44.346,50 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a *Juan Gabriel Fernández García de la Rocha*, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

16.31972.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE CABINAS UNITY DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2022009455)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de abril do 2022, aprobou o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de abril do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28 de abril do 2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de xuño, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

-Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602)

Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías.

Recibido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 14/06/2022 (CSV: 6B4IOU1NLXLX4KDJ), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16/06/2022, presta conformidade ás puntuacións acadadas, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, das empresas que resultan admitidas, sendo os seguintes:

Criterios mediante xuízos de valor	<i>Internacional Periféricos y Memorias España SL</i> (CIF:B62758602)
SOBRE B	
1. Metodoloxía de xestión do Servizo (<i>ata un máximo de 8 puntos</i>)	6 puntos
2. Xestión de incidencias (<i>ata un máximo de 8 puntos</i>)	6 puntos
3. Plan de Traballo, (<i>ata un máximo de 5 puntos.</i>)	3 puntos
4. Plan de calidade (<i>ata un máximo de 4 puntos</i>)	1 punto
TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 25 puntos</i>)	16 puntos



Na mesma reunión a Mesa de contratación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre C correspondente aos criterios avaliados automaticamente as puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV BZXHSJ700ZIWB2N son as seguintes:

	Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602)
SOBRE C	
1. Menor prezo ofertado sen IVE (ata un máximo de 65 puntos)	53,776 puntos
2. Ampliación de acordos de nivel de servizo (ata un máximo de 10 puntos)	0 puntos
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 75 puntos)	53,776 puntos

Resumen puntuacións totais:

TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 25 puntos)	16 puntos
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 75 puntos)	53,776 puntos
TOTAL B+C	69,776 puntos



Á vista das puntuacións obtidas a Mesa de contratación en reunión celebrada o día 23/06/2022 acordou:

1.-Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602)	69,776 puntos

2.- Á vista do exposto acórdase propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra a empresa *Internacional Periféricos y Memorias España SL* (CIF: B62758602).

O persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público. Dito certificado de inscrición acreditan, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial. Asimesmo acredítase que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que a empresa non está incurso en prohibición de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2022004833 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación esxida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602) presentou a documentación esxida constando no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.799,50 € (carta de pago núm. operación 202200141363, do 07/07/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*” á empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602) polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións:

1. Prezo ofertado:

- Prezo ofertado sen IVE: 95.990,00 € (116.147,90 € IVE incluído)

Tempos de resolución segundo criticidade da incidencia			
Tipo de equipamento	Tempo de resolución máximo	Coefficiente de puntuación	Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador
Crítica	4 horas	0.25	4 horas
Alta	8 horas	0.25	8 horas
Media	16 horas	0.15	16 horas
Baixa	24 horas	0.10	24 horas

Tempos de resposta presencial para incidencias críticas			
Criticidade	Tempo de resolución máximo	Coefficiente de puntuación	Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador
Crítica	2 horas	0.25	2 horas

O prazo de duración é de dous anos dende a data de formalización do contrato.

O pagamento do contrato efectuarase por trimestres vencidos durante o período de mantemento.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022009455	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a seguinte aplicación orzamentaria

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022 (5 meses)	22/926.9260.227.23	24.197,48 €
2023	23/926.9260.227.23	58.073,95 €
2024 (7 meses)	24/926.9260.227.23	33.876,47 €

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato. A persoa responsable do contrato é o Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



17.31973.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “REALIZACIÓN, EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO PLAN DE AFOROS E DO ESTUDO DE ACCIDENTALIDADE NA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2021064703)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de maio de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de realización, execución e explotación do plan de aforos e do estudo de accidentalidade na rede de estradas da Deputación de Pontevedra*”, polo importe total de 226.566,93€ (21% de IVE incluído).

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 10 de maio de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2/06/2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Recibido informe do xefe do servizo de infraestruturas e vías provinciais, de data 9 de xuño de 2022 (CSV:), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16 de xuño de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor, esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

No mesmo acto, unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa ANTEA IBEROLATAM S.L (B-15080849) polos prezos e valores ofertados.



Mediante Resolución Presidencial número 2022004901, de data 28/06/2022, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa ANTEA IBEROLATAM S.L. (NIF:B-15080849), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa ANTEA IBEROLATAM S.L. (NIF:B-15080849) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Registro entrada WEB2022038641, de data 5/07/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.500,00€ (carta de pago núm. operación 20220014087).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo de realización, execución e explotación do plan de aforos e estudo de accidentalidade na rede de estradas da Deputación de Pontevedra” á empresa ANTEA IBEROLATAM S.L (NIF:B-15080849) polos seguintes prezos e valores ofertados:

Importe sen IVE	150.000,00 €
IVE (21%)	31.500,00 €
Importe total ofertado:	181.500,00 €



E de acordo do seguinte detalle:

Acreditación dun sistema de control de calidade no desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato.(UNE-EN-ISO 9001)	X
Acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato. (UNE-EN ISO 14001)	X

O prazo de duración do contrato é de catro anos, contados desde a súa formalización.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.227.06, e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2022	456.4530.227.06	47.702,99€
2023	456.4530.227.06	44.599,00€
2024	456.4530.227.06	44.599,00€
2025	456.4530.227.06	44.599,00€

Os importes correspondentes ás anualidades 2023, 2024 e 2025, quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficientes nos mesmos.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago dos traballos realizarase mediante factura, polas unidades detalladas no orzamento, segundo as unidades realmente executadas, ao longo do período de vixencia do contrato e en base aos prezos unitarios obtidos ao aplicar aos prezos unitarios estimados a porcentaxe de baixa económica correspondente a oferta da empresa adxudicataria

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Nº de exp.:	2021064703	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Enxeñeiro Xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.31974.- RECOÑECIMIENTO DA SUCESIÓN DO CONTRATISTA NO CONTRATO “SERVIZO DE MANTENIMENTO E SOPORTE DO SISTEMA CORPORATIVO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” A FAVOR DE SOLITIUM, S.L.”
(Expte. 2020030636)

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 12 de marzo de 2021 adxudicouse a *Solitium Noroeste S.L.U.* (B15361348) o contrato do “*Servizo de mantemento e soporte do sistema corporativo de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra*”.

O contrato formalizouse o 12 de abril de 2021, cun prazo de duración de dous anos, con posibilidade dunha prórroga de dous anos mais.

Con data 6 de xullo a empresa *Solitium Noroeste S.L.U.* presenta no Rexistro de Deputación (WEB2022038833) comunicación do cambio de razón social e NIF por fusión por absorción de *Solitium Noroeste, S.L.* por *Solitium, S.L.*



“Por medio deste escrito queremos facerlle partícipe dun cambio organizativo na nosa empresa, que pasa a chamarse Solitium S.L., tras a fusión por absorción de Solitium Noroeste, S.L.U. na empresa matriz, cumprindo así coa política da compañía de formar un gran grupo máis forte, máis competitivo e eficiente, e cunha ampla cobertura que lle ofrezga recursos, asistencia técnica e asesoramento comercial.

Este feito non lle supoñerá a vostede cambio algún nin na cobertura dos servizos prestados, nin nos prezos que xa ten contratados. Tampouco cambiará o seu interlocutor comercial nin os técnicos que atenden os seus equipos. Trátase unicamente dun paso máis na estratexia de Solitium S.L. para axuntar todas as súas compañías nun NIF único.

Rogámoslle tome nota que desde o 17 de maio de 2022 emitiranse as facturas baixo a seguinte razón social: Solitium, S.L. (B50570571).

Para contactar co Servizo de Atención ao Cliente poderá facelo a través do teléfono 902 440 220 ou o email sac@gruposolitium.es”

A empresa achega ao expediente a escritura notarial de fusión de empresas e un novo certificado de conta bancaria que se incorpora á base de datos dos terceiros da Deputación de Pontevedra.

Considerando o art. 98 da Lcsp *“Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. (...) Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se producise”*

Considerando que, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno queda enterada do cambio de denominación de razón social e NIF por fusión debido a absorción de Solitium Noroeste, S.L. (B15361348) por Solitium, S.L. (B50570571) e acorda por unanimidade:

Recoñecer a sucesión do contratista no contrato *“Servizo de mantemento e soporte do sistema corporativo de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra”*, entendendo subrogada a entidade Solitium, S.L. (B50570571) nos dereitos e obrigas que correspondían a *Solitium Noroeste S.L.U.* (B15361348), con efectos desde o día 17 de maio do 2022.



19.31975.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE UTE ARINES, OBRAS Y PROYECTOS, S.L.- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L., PRESENTADAS PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E.P. 0601 PORTOSANTO-CAMPELO-C-550 CORRESPONDENTE CO P.Q. 0+000 ATA O ENTORNO DA BAIXADA CARA O PORTO DE CAMPELO NO P.Q. 1+730 (POIO)” (Expte.2018039773) (Devogaran 2022036367)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 7 de marzo de 2019 (CSV.- NEQOL8LL8T77NIOK), adjudicouse o contrato relativo a “*Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto- Campelo-C-550, correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)*”.

Para responder da realización desta obra, as empresas constituíntes da entidade mercantil UTE Arines, Obras y Proyectos, S.L. – Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L. (U-94.185.717), constituíron na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas por un importe global de 54.750,74, do seguinte xeito:

Empresa	Carta de Pagamento	Data	Importe
ARINES, OBRAS Y PROYECTOS, S.L. (B-15411705)	201900038390	28/02/2019	27.375,37€
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. (B-36533537)	201900038391	28/02/2019	27.375,37€

Por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de maio de 2020 (CSV.- B12360ZON36EWV78), aprobouse o proxecto modificado da obra de “*Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto-Campelo-C-550, correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)*”. Para responder da realización desta obra, a empresa *Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L.* (CIF.- B-36.533.537), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo seguinte importe:

Empresa	Carta de pagamento	Data	Importe
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. (B-36533537)	202000094754	18/05/2020	8.198,67€



No expediente tramitado para a devolución das garantías figuran informes emitidos polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais nos cales se informan favorablemente ás devolución das garantías constituídas polas empresas integrantes da *UTE Arines, Obras y Proyectos, S.L. – Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L.*, para participar no contrato de “Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto- Campelo-C-550, correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)”, e na súa modificación.

No expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións das garantías anteriormente mencionadas, e informa favorablemente ás devolucions das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto- Campelo-C-550, correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)*” (Expte. 2018039773), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas para a execución do contrato “*Mellora da mobilidade peonil E.P. 0601 Portosanto-Campelo-C-550 correspondente co P.Q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o Porto de Campelo no P.Q. 1+730 (Poio)*”:

- o A garantía definitiva constituída en valores mediante aval de *ABANCA* pola empresa *Arines, Obras y Proyectos, S.L.*, por importe de 27.375,37 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038390.
- o A garantía definitiva constituída en valores mediante aval de *ABANCA* pola empresa *Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L.*, por importe de 27.375,37 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038391.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante seguro de caución, *SOLUNION SEGUROS* de pola empresa *Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L.*, por importe de 8.198,67 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 18/05/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000094754.



20.31976.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (

Vista a relación de facturas con número 2022046877 , que contén oito facturas e por un importe de 14.097,36 € e con CSV: X0W6HVU9BB7LTJRK, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/07/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	13.337,03 €
Descostos do IRPF.....	0,00 €
Descostos do IVE soportado deducible.....	760,33 €
Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descostos.....	0,00 €
Total líquido.....	14.097,36 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

21.31977.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A SD JUVENIL PUENTEAREAS POLO “MEMORIAL ADOLFO ALVAREZ CASTRO”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (ACORDO N°2.30702) (Expte. 2022022223)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor da *SD Juvenil Puenteareas* con NIF: G36195550 do *concello de Ponteareas*, por un importe de 1.150,96 € para o “*Memorial Adolfo Alvarez Castro*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022038448 con data 04/07/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por motivos da COVID-19 nos equipos participantes, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



22.31978.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE VALGA (Expte. 2021028142)

Dada conta que con data de rexistro 20/05/2021 (núm. rex. WEB2021022436), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Esteban García Gómez, por lesións e danos materiais producidos por mor dunha caída, o día 26/04/2021, a consecuencia de losetas rotas na beirarrúa da estrada provincial E.P. 8503 Cordeiro-Senín, no Concello de Valga, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 24/05/2021, e con fundamento nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse ó interesado para que no prazo de dez días subsanara a instancia indicando o lugar exacto no que acontecera a caída, sinalando algún punto de referencia próximo (punto quilométrico, número da rúa, colexio, igrexa, supermercado, etc) ou ben aportando fotografías do lugar, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións.

Resultando.- Que con data 20/12/2021 remite a mesma documentación xa aportada xunto coa instancia e as mesmas fotografías das lousetas, as cales non permiten visualizar o tramo de estrada no que se atopan, así como diversa documentación relativa a rutas de autobús público ao lugar de Senín (Valga) dende diversos puntos da provincia, paradas, horarios, etc.

Resultando.- Que con data 21/12/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 10/01/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na beirarrúa da E.P. 8503 Cordeiro-Senín P.Q. 2+070 marxe esquerda. Dito punto quilométrico pertence á rede de estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non existía constancia neste Servizo da caída ou doutras acontecidas pola mesma causa en datas anteriores ou posteriores nesa zona.

TERCEIRO.- Segundo a explicación do reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa, ao tropezar nunhas losetas que se atopan lixeiramente levantadas e con algunha rotura das mesmas.



CUARTO.- *Non había sinalización advertindo do perigo.*

QUINTO.- *A estrada neste punto discorre por solo de núcleo rural, segundo figura no planeamento vixente do termo municipal de Valga.*

*Fdo.- César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro*

Resultando.- Que con data 18/01/2022, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, acerca dos seguintes extremos:

- Altura en centímetros do desperferto.
- Se o mesmo tiña a entidade suficiente para provocar os danos reclamados a un viandante que ía camiñando pola beirarrúa.
- Quilómetros aproximados de beirarrúa con que conta a zona norte.
- Se a tenor das fotografías aportadas, nas que se aprecia claramente indumentaria deportiva para facer carreira, pódese deducir, tendo en conta a idade do accidentado, que non ía paseando, tal e como relata na instancia.

Resultando.- Que con data 20/01/2022, o Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais remite o informe complementario co seguinte contido:

PRIMEIRO-

- *En primeiro lugar debemos facer notar que a altura do resalto é de 3cm, parámetro que entra dentro dos límites admisibles na normativa de accesibilidade [“DECRETO 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia” na “Base 1.2.1. Pavimentos do Anexo I (Código de Accesibilidade)”]*
- *En segundo lugar, respecto da accesibilidade do treito de beirarrúa, ésta ten un ancho de 180 cm. Debemos indicar que as losetas que xeran o resalto supoñen a metade do ancho da beirarrúa (isto é 90 cm). Por conseguinte, a metade restante da beirarrúa presenta óptimas condicións de planeidade, o que constitúe un ancho libre de 90cm.*

SEGUNDO-

Dende un punto de vista tanto técnico como normativo, 90cm de ancho de paso resultan suficientes para o tránsito/paso dunha persoa; podemos así facer as seguintes precisións:

- *Dende un punto de vista técnico, abundan 70cm para o paso dunha persoa adulta camiñando (“Neufert Architects Data” (páxina 29: ancho 62,5 a 87,5 cm); “Dossier Tecnic de Seguretat Viaria. Generalitat de Catalunya” (páxina 12: ancho 70 cm), “norma Suíza VSS SN 640 201 Profil géométrique type. Dimensions de base et gabarit” (ancho 60 a 80 cm).*



- *Dende un punto de vista máis restritivo, como é o normativo, o ancho libre existente (90cm) coincide co parámetro mínimo que indica o “DECRETO 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia”, na “Base 1.1.1. Itinerarios peonís do Anexo I (Código de Accesibilidade)”. Dito sexa de paso a prescrición normativa o que fai é prever o paso de persoas con necesidades máis restritivas, como son as persoas con andador, cadeiras de rodas etc.*



En conclusión debemos indicar que:

Cunha ondulación tan escasa (3 cm), que afecta únicamente a unha parte da beirarrúa, resulta improbable que se produza unha caída con danos de consideración dando un paseo, tal e como indicou o reclamante no escrito recibido. A este feito debemos engadir que existe, en calquera caso, unha parte suficiente da beirarrúa que garante a plena accesibilidade en condicións de perfecta planeidade e ausencia de calquera tipo de ondulación ou resalte.

TERCEIRO-

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra xestiona aproximadamente 1.700 quilómetros de estradas provinciais en toda a rede da súa titularidade, habendo máis de 300 quilómetros de beirarrúas na totalidade da rede.

CUARTO-

A tenor das fotografías aportadas, nas que se aprecia claramente indumentaria deportiva para facer carreira, pódese deducir, tendo en conta a idade do accidentado, que éste probablemente fora correndo. Non obstante no escrito de reclamación recibido nesta Administración relata que ía paseando.

Fdo.- César Paredes Rodríguez

Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 19/01/2022, requiriuse ó reclamante para que, de conformidade co establecido nos artigos 18, 66, 68.1 e 73 da Lei 39/2015, aclarase os seguintes extremos:

- A data na que tivo lugar a caída, xa que na instancia manifestaba que a mesma aconteceu o 27 /04/2021, mentres que no parte de lesións consta como data dos feitos o 26/04/2021.
- Se ía camiñando ou correndo, pois na instancia relata que se atopaba “*paseando pola acera*”, mentres que na exposición dos feitos descritos no parte de lesións consta que “*Refiere haber sufrido caída tras tropezar con baldosa levantada de la acera mientras corría*”.



- Se padece algún tipo de disfunción visual polo que deba utilizar gafas ou lentillas e, de ser o caso, se as portaba no momento da caída.

Resultando.- Que con data 07/02/2022, presenta escrito no que manifesta que a caída tivo lugar o día 26/04/2021 (sendo esta a data reflectida no parte de lesións), que a mesma aconteceu mentres corría e que non utiliza gafas nin lentillas.

Resultando.- Que con data 15/02/2022, abriuse o período referido aos actos de instrución do procedemento por prazo de vinte días, incluíndo nel o período probatorio, no que o interesado podería propoñer aquelas probas e actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, en virtude dos artigos 75.1 e 77 da Lei 39/2015 e do precedente sentado pola Sentenza 67/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, a cuantificación económica dos danos reclamados.

Resultando.- Que con data 01/04/2022, finalizou o citado prazo de vinte días establecido para o período probatorio sen que o interesado tivera proposto ningunha proba e sen aportar a cuantificación económica dos danos reclamados.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na cumprimentación de requirimentos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo. Así, do expediente se desprende o seguinte:

- A caída tivo lugar a plena luz do día.
- Nas fotografías aportadas polo reclamante obsérvase que o desperfecto era perfectamente visible, existindo mais espazo na beirarrúa para pasar, exactamente a metade (90 cm) estaba en óptimas condicións, adoptando o reclamante unha actitude arriscada ó decidir transitar por riba das lousetas deterioradas, polo que debeu presumir que isto suporía un perigo para a súa seguridade.
- Manifesta o reclamante na súa instancia que a caída tivo lugar cando paseaba, revelándose posteriormente que o tropezo se produciu namentres corría pola beirarrúa.



- Asemade, relata na instancia o seguinte: *“en la acera de la carretera donde vivo”, o que fai supoñer que era coñecedor do estado da beirarrúa.*
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non existía constancia da caída, nin doutras acontecidas pola mesma causa nesa zona.
- A altura do resalto era de 3 cm, parámetro que entra dentro dos límites admisibles na normativa de accesibilidade (“Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro), o que non supón a entidade suficiente para supoñer un risco de manterse unha mínima atención na deambulación.
- Cunha ondulación tan escasa (3 cm), que afecta unicamente a unha parte da beirarrúa, resulta improbable que se produza unha caída con danos de consideración dando un paseo, tal e como indicou o reclamante no escrito recibido.
- Existe, en calquera caso, unha parte suficiente da beirarrúa que garante a plena accesibilidade en condicións de perfecta planeidade e ausencia de calquera tipo de ondulación ou resalte.
- O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra xestiona aproximadamente 1.700 quilómetros de estradas provinciais en toda a rede da súa titularidade, habendo máis de 300 quilómetros de beirarrúas na totalidade da rede.
- A tenor das fotografías aportadas, nas que se aprecia claramente indumentaria deportiva para facer carreira, pódese deducir, tendo en conta a idade do accidentado, que éste probablemente fora correndo. Non obstante no escrito de reclamación recibido nesta Administración relata que ía paseando.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención do accidentado e na falta de entidade do desperfecto para producir a caída.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente do reclamante.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.



- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulacion diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulacion de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.



Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

23.31979.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 06/05/2022 (Nº6.31276), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORAS DO ASFALTADO E DO SANEAMENTO NA RÚA LUGO E CAMIÑO DO CRISTO DA PEREIRA” (Expte. 2022009717)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

En data 06/05/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31676, concedeuse ao *Concello de O Porriño*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención pola contía de 76.082,07 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Melloras do asfaltado e do saneamento na rúa Lugo e camiño do Cristo da Pereira*” (Expte.:2022009717), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 09/06/2022 con rexistro núm.WEB2022034919, realizando emenda o 27/06/2022 con rexistro núm.WEB2022037015, o Concello achega resolución da alcaldía pola que se solicita a conformidade da Deputación Provincial para un cambio de proxecto ante a necesidade de corrixir o documento técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin incrementar a contía subvencionada. Este cambio débese a que na comprobación previa á obra, realizada polos técnicos



municipais, obsérvase que na zona de Pereira xa existe rede de saneamento, polo que o Concello non executará o mesmo, en troques, decide proceder á substitución do saneamento existente na Rúa Lugo, adaptando e redefinindo as obras á realidade existente sobre os terreos obxecto deste investimento. A resolución inclúe a aprobación do novo proxecto modificado, indicándose na mesma que os cambios introducidos non implican un incremento do orzamento inicial.

Achégase a documentación precisa para a concesión de cambio de proxecto.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

Parte dispositiva:

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 28/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/06/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 08/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm 2022009717, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31676, do día 06/05/2022 polo que se concede ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F, a cantidade de 76.082,07 € con destino ao financiamento do investimento “*Melloras do asfaltado e do saneamento na rúa Lugo e camiño do Cristo da Pereira*” (Expte. 2022009717).



- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento, e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31676, do día 06/05/2022, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Porriño*, Intervención, Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

24.31980.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 17/06/2022 (Nº8.31856), NO QUE SE CONCEDEU Á ASOCIACIÓN CULTURAL A REVOLTA DO UMLA DE CUNTIS, UNHA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “FESTIVAL REVOLTA DO UMLA”, POR MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO (Expte. 2022022438)

No acordo núm. 8.31856 adoptado pola Xunta de Goberno de 17 de xuño de 2022 no que se aprobou a concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para apoiar o desenvolvemento de festivais musicais e artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022, concédese unha subvención á *Asociación Cultural A Revolta do Umia de Cuntis* (CIF: G94201928) por importe de 9.444,18 sobre un orzamento de 33.902,79 € para a realización do “*Festival Revolta do Umia*” e á vista do escrito presentado polo beneficiario con data 29 de xuño, faise a seguinte modificación:

- O beneficiario presenta escrito WEB2022037525, no que solicita modificacións nas actuacións subvencionables relativas á citada axuda ao alcanzar un acordo de colaboración co departamento de cultura da Xunta de Galicia, polo cal dita institución se fai cargo do importe do cache dun dos grupos de música contratados para o festival por importe de 3.872,00 €, sendo o orzamento actual de 30.030,79 €, e inferior por tanto ó orzamento inicialmente presentado e visto o informe favorable de Intervención para levar a cabo dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo no sentido de onde figura: “*orzamento 33.902,79 €*” debe figurar: “*orzamento 30.030,79 €*”, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

25.31981.- AMPLIACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS PARTICIPANTES DO PROXECTO “ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2020 (5ª MOBILIDADE)” (Expte. 2021009016)

O 5 de novembro de 2019 publicouse a convocatoria de propostas 2020 do programa ERASMUS+ (EAC/A02/2019, Diario Oficial da Unión Europea 2019/C373/06 aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) N° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de data 11 de decembro do 2013, pola que se crea o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.



O día 10/02/2020 ás 13:38'05" (hora de Bruxelas, Bélxica GMT+1), a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado "PRACTICUM DEPO 2020" (ID do formulario: KA102-641731EC) dentro da acción clave 1 (KA1) "Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe" que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

O ámbito de actuación do proxecto: Irlanda, Italia, Portugal, Malta, Alemaña, Grecia, Finlandia, Países Baixos, Islandia, Polonia e Francia.

Nº participantes: 111 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 10 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 31 meses (1 de xuño de 2020 ao 31 de decembro de 2022). Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

A Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu resolución asinada con código electrónico: CSV: GEN-4fa4-2fd0-b458-ad92-6b1b-8db4-bd70-f9a3 de data 31/07/2020 ás 14:26 CET pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2020, concedendo unha axuda para a realización do proxecto "PRACTICUM DEPO 2020" por importe de 571.051,00 euros.

Trátase dun proxecto plurianual (2020-2022) e para a anualidade 2020 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 2 anos, que computa do 1 de xuño de 2020 ao 31 de decembro de 2022.

Con data 23/10/2020, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.



De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou a oficina de mobilidade que, como instrumento executivo do comité de mobilidade, asesorará en materias xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2020, as prácticas, seguros e viaxes, dando cobertura aos participantes e localizándolles a información necesaria para xestionar o desprazamento, a estancia así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas súas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 8 alumnos que iniciaron a mobilidade en febreiro do 2021 con destino Italia, Portugal
- O segundo grupo comprende un total de 3 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2021 con destino Portugal, Malta e Suecia.
- O terceiro grupo comprende un total de 6 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo do 2021 con destino Portugal, Italia e Malta
- O cuarto grupo comprende un total de 34 alumnos que iniciaron a mobilidade en outubro do 2021 con destino Italia, Portugal, Francia, Irlanda, Malta e Romanía
- O quinto grupo comprende un total de 21 alumnos e 2 docentes que iniciaron a mobilidade en febreiro e marzo de 2022 con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta , Finlandia e Países baixos.
- O sexto grupo comprende un total de 3 docentes que iniciaron a mobilidade en maio de 2022 con destino Italia e Portugal.
- O sétimo grupo está formado por 1 docente que iniciou a mobilidade en maio de 2022 con destino Italia.
- O oitavo grupo comprende un total de 1 alumna e 2 docentes que iniciarán a mobilidade en xullo e setembro de 2022 con destino Italia, Francia e Austria.
- O noveno grupo comprende un total de 3 docentes que iniciarán a mobilidade en outubro de 2022.

Na guía de programa Erasmus do SEPIE (páxina294) e na cláusula 2.5 de convenio de subvención asinado polo participante e a Deputación de Pontevedra, ofrécese a posibilidade de ampliación da mobilidade sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- ☐ A duración máxima da mobilidade incluíndo a prórroga non poderá ser superior a 12 meses.
- ☐ A solicitude de ampliación da duración da estancia deberá enviarse á institución polo menos un mes antes do remate do período de mobilidade.



- A prórroga deberá ser inmediata ao período da mobilidade en curso
- Antes de que remate o período de mobilidade previsto inicialmente, se deberá firmar un novo convenio coas datas da prórroga e o importe da subvención correspondente a dito período calculados segundo a táboa de módulos do SEPIE.
- O aboo da bolsa da prórroga terá que ser anterior ao inicio da mesma

Con data 4 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo: 19.31242.- **ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO E DOCENTES PARTICIPANTES NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2020 (5ª MOBILIDADE_Nº expediente 2021009016).**

A través deste acordo autorizouse a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e docentes que participan no proxecto PRACTICUM DEPO 2020 (5ª mobilidade) pola contía total de 160.695,00€ que comprende a cantidade asignada pola estancia e a prevista para gastos de viaxe.

Con data 12 de maio de 2022 ofreceuse aos beneficiarios da 5ª mobilidade ampliar a súa estancia cumprindo cos requisitos esixidos no programa Erasmus+ e no convenio de subvención. Esta ampliación beneficia tanto aos participantes que poden seguir aprendendo e traballando na empresa estranxeira como á consorcio Practicum Depo 2020 cun maior porcentaxe de execución do proxecto.

Catro participantes que están actualmente realizando a súa mobilidade en Portugal e Italia, solicitaron ampliar a súa estancia conforme ao detalle seguinte:

Participante	Destino	Datas mobilidade	Días	Datas ampliación	Días ampliación	Total días	Bolsa ampliación
Sergio Bouzas Alborja	Portugal	28/02/2022 26/08/2022	182	27/08/2022 20/12/2022	116	298	4.640,00€
Iria Alves Frasquet	Italia	07/03/2022 02/09/2022	182	03/09/2022 07/12/2022	96	278	3.755,00€
Nerea López Rivera	Italia	28/02/2022 26/08/2022	182	27/08/2022 07/12/2022	103	285	4.035,00€
Lorena Freiría Quintás	Italia	28/02/2022 26/08/2022	182	27/08/2022 23/12/2022	119	301	4.760,00€
							17.190,00€



O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Para tal finalidade, deberá realizarse unha nova adxudicación complementaria relativa ao tempo a maiores que os participantes prolongarán a súa estancia.

Con data 06 de xullo de 2022 emitíuse informe – proposta para a ampliación de bolsas de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e a Deputada Delegada.

Con data 08 de xullo de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a ampliación de bolsas de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) detalladas anteriormente. A contía ascende a 17.190,00€ que se aboará con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002__PRACTICUM DEPO 2020-2022.

Normativa aplicable:

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2020 do programa ERASMUS+ (EAC/A02/2019, Diario Oficial da Unión Europea 2019/C373/06), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de ampliación de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) detalladas no anexo, en concepto de axuda por mobilidade.

Para esta ampliación, solicitouse informe de fiscalización pola contía de 17.190,00€ que se aboará con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002__PRACTICUM DEPO 2020-2022.



A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de ampliación de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade. Para esta ampliación a contía ascende a 17.190,00€ que se aboará con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002__PRACTICUM DEPO 2020-2022 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

Dito anexo é como segue:

ANEXO

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Total ampliación
Sergio Bouzas Alborja	Vídeo DJ e son	IES Audiovisual de Vigo	Portugal	27/08/2022	20/12/2022	116	4.640,00€
Iria Alves Frasset	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	Italia	03/09/2022	07/12/2022	96	3.755,00€
Nerea López Rivera	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	Italia	27/08/2022	07/12/2022	103	4.035,00€
Lorena Freiría Quintás	Emerxencias sanitarias	IES Ricardo Mella	Italia	27/08/2022	23/12/2022	119	4.760,00€
							17.190,00€



26.31982.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL RECOLLIDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 23/06/2022 (Nº8.31884) POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE O PORRIÑO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), UNHA SUBVENCIÓN, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DA CAPA DE RODADURA DA ESTRADA LOURIÑA-CADAVAL EN MOSENDE”, (Expte. 2022010232)

Primeiro.- No marco do Plan Concellos 2022-2023, na Liña 1, concedéuselle ao Concello de O Porriño por acordo nº 8.31884 da Xunta de Goberno de data 23/06/2022 unha subvención por importe de 101.337,09 euros para o investimento denominado “*Reforma da capa de rodadura da estrada Louriña-Cadaval en Mosende*”, expediente 2022010232. Porén, no mencionado acordo deslízouse un erro material na táboa que reflicte o reparto da subvención por anualidades, de xeito que:

Onde di:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	59.788,88 €	59.788,88 €	-----
2022	41.548,21 €	41.548,21 €	
Total	101.337,09 €	101.337,09 €	

Debe dicir:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	59.788,88 €	59.788,88 €	-----
2023	41.548,21 €	41.548,21 €	
Total	101.337,09 €	101.337,09 €	

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento Provincial.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Consideracións xurídicas de procedemento:

- O artigo 34 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, dispón que os actos administrativos que diten as administracións públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido. Ase mesmo, que o contido dos actos se axustará ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e axeitado aos fins de aqueles.
- O artigo 109 apartado segundo do mesmo texto normativo sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Ao abeiro dos artigos citados, procede corrixir o erro material advertido no Acordo nº 8.31884 de data 23/06/2022, no que atinxe ao reparto da subvención por anualidades, de modo que onde consta por erro, anualidade 2022, importe da subvención e orzamento 41.548,21 €, debe figurar anualidade 2023 sendo o importe da subvención e orzamento de 41.548,21 €.

De acordo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar por erro material o acordo da Xunta de Goberno número 8.31884 de data 23/06/2022, no que se concedía ao Concello de O Porriño unha subvención co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma da capa de rodadura da estrada Louriña-Cadaval en Mosende*” (Expte. 2022010232), e onde consta anualidade 2022, importe da subvención e orzamento 41.548,21 €, debe figurar anualidade 2023, importe da subvención e orzamento de 41.548,21 €, a todos os efectos legais.

- Manter inalterable o resto do contido do acordo arriba referido de concesión de subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao Concello de O Porriño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



27.31983.- COMUNICACIONES

Non houbo.

28.31984.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.